

DECRETO 144/2016, DO 22 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO ÚNICO DE REGULACIÓN INTEGRADA DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.-

Desenvolve a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia.

OBRIGAS MUNICIPAIS

Ordenanzas:

Os concellos aprobarán antes do 11 de agosto de 2017 unha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos.

Mentres non entren en vigor ditas ordenanzas os concellos aplicarán as normas subsidiarias contidas neste Regulamento (entra en vigor o 30 de novembro de 2016).

Portal electrónico

Todos os concellos deberán dispor nas súas correspondentes sedes electrónicas dun portal electrónico de comunicación previas e licenzas municipais .

Comunicacións previas e solicitudes de licenzas

Os concellos deberán contar con modelos normalizados para a presentación das comunicacións previas e as solicitudes de licenza ou autorización, que porán a disposición dos interesados a través do portal electrónico.

No prazo máximo de seis meses (antes do 11 de maio de 2017), e para os supostos de comunicación previa, os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior de cumprimento dos requisitos esixidos.

En canto as licenzas de actividade, tamén no prazo máximo de seis meses, os concellos deberán adoptar un acordo que outorgue publicidade aos procedementos nos cales subsiste o réxime de sometemento á licenza local de actividade, debendo manter dita relación axustada á normativa aplicable en cada momento.

Dereito de información

Os concellos deberán difundir a través do portal electrónico a información sobre os requisitos esixidos e os trámites que os interesados deberán formalizar para o inicio das actividades e a apertura dos establecementos.

Así mesmo deberán contestar, no prazo máximo dun mes, ás consultas por escrito ou vía electrónica que poidan formular as persoas interesadas.

Plan de inspección

O concello deberá aprobar, coa periodicidade que se sinale e, en todo caso, con carácter bianual, un plan de inspección de actividades e establecementos.

OBRIGAS PROVINCIAIS

As deputacións provinciais, dento das súas competencias de asistencia e cooperación e de prestación dos servizos de administración electrónica, deberán garantir nos concellos de menos de 20.000 habitantes a dispoñibilidade dos medios (persoais, técnicos e materiais) para a aplicación do Regulamento, de maneira especial en canto ás competencias de comprobación e inspección e a prestación dos servizos de administración electrónica (portal electrónico de comunicacións e licenzas).